REUNIÓN DA COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en Comisión

1.1 4625 (10/POC-000795)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao traspaso á Xunta de Galicia das competencias en materia de saúde penitenciaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 66, do 15.02.2017

1.2 6072 (10/POC-001056)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión, na información institucional referida ás reunións do Consello da Xunta de Galicia, de todos os acordos adoptados e os informes presentados, con independencia da materia á que se refiran, facilitando o acceso ao seu texto literal completo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017

1.3 6080 (10/POC-001057)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a renovación do equipamento informático da Administración de Xustiza no ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017

1.4 8173 (10/POC-001422)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre o papel que vai desempeñar a Escola Galega de Administración Pública co fin de avanzar no proceso de modernización do sector público autonómico e, en especial, a formación que vai impartir para posibilitar o

seu funcionamento sen papel, así como para garantir que os empregados públicos asistan axeitadamente á cidadanía no uso da e-administración
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 110, do 04.05.2017

1.5 8849 (10/POC-001554)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a requisa de bandeiras e outros símbolos políticos nos partidos de fútbol e noutras competicións deportivas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 116, do 19.05.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

2.1 5895 (10/PNC-000579)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación polos concellos da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa atención das reclamacións dos contribuíntes
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 79, do 08.03.2017

2.2 7384 (10/PNC-000762)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos cursos de formación para persoas desempregadas e as subvencións concedidas aos concellos, empresas e entidades sen ánimo de lucro para ese fin
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

2.3 8182 (10/PNC-000859)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o asinamento do contrato programa da CRTVG, coa inclusión nel da memoria e do plan plurianual de actuación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 1.ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

César Manuel Fernández Gil	P

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira	P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 4625(10/POC-000795)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as xestións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido ao traspaso á Xunta de Galicia das competencias en materia de saúde penitenciaria

Publicación da iniciativa, 66, 15.02.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 12:51
Nº Rexistro: 4625
Data envio: 07/02/2017 12:51:16.759

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión, sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria.**

Na anterior lexislatura, concretamente no pleno do 6 de maio de 2015, foi aprobada por unanimidade, a Proposición non de lei doc.núm. 32617(09/PNP-002391) co seguinte enunciado:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar ao Goberno do Estado a traspasar as competencias en materia de saúde penitenciaria á Xunta de Galicia para a súa asunción polo SERGAS en conformidade co establecido na Disposición Adicional sexta da Lei de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde do 2003"

Sen embargo, pese a tratarse dunha iniciativa que goza do respaldo unánime do Parlamento e de instar ao cumprimento dunha Disposición establecida nunha norma con rango de Lei, que tutela un Dereito de gran importancia como é a saúde das persoas privadas de liberdade, a Xunta de Galicia en nada informou a este Parlamento sobre os trámites ou xestións realizadas para dar cumprimento a dita proposición.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/02/2017 12:51
Nº Rexistro: 4625
Data envio: 07/02/2017 12:51:16.759

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

- **Cales son as xestións que realizou a Xunta de Galicia para dar cumprimento á Proposición de lei aprobada sobre o traspaso de competencias en materia de saúde penitenciaria?**

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 07/02/2017 12:50:22

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 6072(10/POC-001056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da inclusión, na información institucional referida ás reunións do Consello da Xunta de Galicia, de todos os acordos adoptados e os informes presentados, con independencia da materia á que se refiran, facilitando o acceso ao seu texto literal completo

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 6072
Data envio: 03/03/2017 17:15:03.984

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada, Abel Fermín Losada Álvarez, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodriguez Rumbo, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Nos seus últimos informes de fiscalización das contas da Administración autonómica o Consello de Contas, nas súas consideracións sobre o programa orzamentario 621B (*Imprevistos e funcións non clasificadas*), observa que en todos os exercicios o Fondo de continxencia consolídase como un dos programas que mostran os maiores movementos de modificacións orzamentarias coa incorporación dun importante volume de remanentes de crédito procedentes de exercicios anteriores e de transferencias de crédito. Discute en moitas ocasións o Consello de Contas a causa xustificante destas transferencias de final de ano que non están asociadas ao cumprimento de ningunha obriga de gasto.

Á marxe da posible incidencia de moitas destas transferencias no resultado orzamentario de cada exercicio, cando este é negativo, o Consello de Contas tampouco comparte a cualificación de gasto de capital do capítulo V-Fondo de continxencia. Sinala o Consello que as aplicacións deste fondo, conforme ao artigo 55.bis do TRLRFOG, deben destinarse á atención de gastos que xurdan no exercicio corrente de carácter inaprazables e non discrecionais e que non tiveran en todo ou en parte a correspondente dotación orzamentaria.

Desta forma, reitera o Consello de Contas, o fondo de continxencia, lonxe de constituír un fondo para a atención de gastos imprevistos e non discrecionais, constitúe unha ferramenta para a cobertura de gastos (principalmente correntes) que son obxecto dun deficiente orzamento.

Por iso, o máximo órgano fiscalizador das contas autonómicas considera preciso insistir na necesidade de medidas lexislativas e de control parlamentario que, aínda respectando as necesarias marxes de manobra para unha xestión eficaz, limiten o uso do programa 621B.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 6072
Data envio: 03/03/2017 17:15:03.984

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

E recollemos estas consideracións do Consello de Contas para chamar a atención sobre un feito que consideramos grave en termos, xa non de xestión e rigor orzamentario reiteradamente criticados polo órgano de fiscalización, senón en termos de transparencia, bo goberno e, en definitiva, de calidade democrática.

E é que segundo se recolle nos medios de comunicación a partir da información precisamente remitida ao Parlamento pola propia Xunta de Galicia, nas sucesivas referencias que un xoves tras outro fan públicos os acordos do Consello da Xunta, non se da conta destas modificacións orzamentarias que percorren ao Fondo de continxencia para atender en moitas ocasións necesidades deficientemente orzamentadas.

Sinalamos esta cuestión que atinxe á xestión orzamentaria para facer notar, para denunciar, a falta da suficiente transparencia nos acordos semanais do Consello da Xunta, que ademais de recoller a referencia a normas ou proxectos normativos refiren informes e acordos cuxos textos non son dispoñibles, senón que unicamente se relacionan e recollen en breves notas explicativas. Unha correcta transparencia esixe que este informes e acordos, habitualmente positivos para a acción de goberno, se publiquen nos seus propios termos.

Como xa temos recollido en anteriores iniciativas en materia de calidade democrática, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supón mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Estas son palabras da exposición de motivos da propia Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que non obstante non recolle nas súas disposicións estas obrigas de información que demandamos con urxencia; os propios principio reitores da Lei (artigo 2) e os compromisos que ten a Xunta de Galicia para fomentar a cultura da transparencia (artigo 5) así o esixen.

Polo exposto, e sen prexuízo das iniciativas concretas nas que instamos á correcta utilización orzamentaria dos Fondos de continxencia, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 6072
Data envio: 03/03/2017 17:15:03.984

Grupo Parlamentario

Que previsións ten o Goberno galego para incluír coa maior brevidade nas referencias do Consello da Xunta todos os acordos e informes que adopte, con independencia da materia á que se refiran, facilitando o acceso ao seu texto literal completo?

Partido dos Socialistas de Galicia

Pazo do Parlamento, 3 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/03/2017 14:14:39

Abel Fermín Losada Álvarez na data 03/03/2017 14:14:51

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/03/2017 14:15:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/03/2017 14:15:07

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 6080(10/POC-001057)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a renovación do equipamento informático da Administración de Xustiza no ano 2017

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 11:41
Nº Rexistro: 6080
Data envio: 06/03/2017 11:41:17.429

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marian García Miguez,Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión.**

A modernización da Administración de xustiza pasa, dun xeito inexorable, polo equipamento informático que permita o traballo telemático e o emprego de distintos programas de xestión procesual, cuestións que a Xunta iniciou co Plan Senda 2014 e continuará co Plan Senda 2020.

Neste sentido é fundamental a renovación e distribución de novos equipos, que fagan máis doado a xestión do rexistro e reparto de asuntos, así como a renovación de equipos de impresión/multifunción que permitan escanear a documentación que legalmente siga a entrar en formato papel nos nosos órganos xudiciais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Preguntas Orais en Comisión:**

Que renovación de equipamento informático para a Administración de xustiza ten previsto realizar a Xunta de Galicia neste ano de 2017?

Santiago de Compostela, 6 de Marzo de 2.017.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 06/03/2017 11:32:28

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/03/2017 11:32:58

María Isabel Novo Fariña na data 06/03/2017 11:33:11

César Manuel Fernández Gil na data 06/03/2017 11:36:39

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 11:41
Nº Rexistro: 6080
Data envio: 06/03/2017 11:41:17.429

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/03/2017 11:36:45

Alberto Pazos Couñago na data 06/03/2017 11:36:53

María Julia Rodriguez Barreira na data 06/03/2017 11:37:08

Jacobo Moreira Ferro na data 06/03/2017 11:37:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 8173(10/POC-001422)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o papel que vai desempeñar a Escola Galega de Administración Pública co fin de avanzar no proceso de modernización do sector público autonómico e, en especial, a formación que vai impartir para posibilitar o seu funcionamento sen papel, así como para garantir que os empregados públicos asistan axeitadamente á cidadanía no uso da e-administración

Publicación da iniciativa, 110, 04.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 18:14
Nº Rexistro: 8173
Data envio: 21/04/2017 18:14:26.321

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río,Moisés Blanco Paradelo, Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral Comisión.**

O proceso de modernización da Administración pública iniciado nos últimos anos ten como obxectivos principais a mellora, por unha banda, da información e a atención que se ofrece á cidadanía e, por outra, a xestión dos procedementos internos para conseguir unha maior eficacia e eficiencia na prestación do servizos públicos.

Nesta transformación, os recursos humanos xogan un papel esencial, xa que o desenvolvemento da tecnoloxía *per se* non é sinónimo de éxito na modernización administrativa .

En consecuencia, é preciso que a Administración pública dispoña dos medios e recursos necesarios para formar os seus traballadores neste eido.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes presentan as seguintes **Preguntas para a súa resposta en Comisión**:

- Que papel vai xogar a EGAP co fin de avanzar no proceso de modernización do sector público autonómico?

- En especial, que formación vai impartir este organismo para que a Administración poida funcionar con papel cero e para que os empregados públicos asistan correctamente á cidadanía no uso da e-administración?

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2.017.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 18:14
Nº Rexistro: 8173
Data envio: 21/04/2017 18:14:26.321

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 21/04/2017 18:08:07

Moisés Blanco Paradelo na data 21/04/2017 18:08:27

Jacobo Moreira Ferro na data 21/04/2017 18:08:36

César Manuel Fernández Gil na data 21/04/2017 18:08:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 21/04/2017 18:08:59

Alberto Pazos Couñago na data 21/04/2017 18:09:07

María Julia Rodriguez Barreira na data 21/04/2017 18:09:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 8849(10/POC-001554)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a requisa de bandeiras e outros símbolos políticos nos partidos de fútbol e noutras competicións deportivas

Publicación da iniciativa, 116, 19.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 10:19
Nº Rexistro: 8849
Data envio: 10/05/2017 10:19:27.564

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

A Dirección Xeral da Policía ten como norma a requisa de bandeiras galegas coa estrela vermella, bufandas e camisetas con trisqueles nos partidos de fútbol e noutras competencións deportivas. Así aconteceu no partido Leganés-Celta do pasado 28 de xaneiro.

Ante a petición de información, através do Portal da Transparencia, realizada por colectivos de defensa dos dereitos civís, a Dirección Xeral da Policía denegou a infomación, amparándose no artigo 14 da Lei de transparencia e acceso á informaicón pública, que limita o acceso cando a documentación a remitir supoña "un perxuicio para a seguridade pública e a prevención, investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios". Na súa resposta, a Direción Xeral engade que "a inadmisión fundaméntase en que a información solicitada refírese a aquelas materias e procedementos de análise e investigación que corresponde tutelar á Policía Nacional (...), ao obxecto de cumprir o mandato constitucional de protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade cidadá".

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 10:19
Nº Rexistro: 8849
Data envio: 10/05/2017 10:19:27.564

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O grupo parlamentar do BNG considera estes feitos graves, por canto limitan o libre exercicio de dereitos e liberdades e trasladan a idea dunha perversa relación entre a exhibición destes símbolos e o risco para a seguridade cidadá.

Por outra parte, a negativa a dar a información non permite saber se estas requisas responden a instrucións da Dirección Xeral da Policía a respecto da prohibición de símbolos de significado nacionalisa.

Estamos pois diante dun atentado contra a liberdade ideolóxica e a liberdade de expresión, dereitos fundamentais nun estado que se di democrático. A ante un intento de criminalización da exhibición de símbolos que son expresións lexítimas do pluralismo político.

Polo anteriomente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Coñece o goberno galego os criterios do ministerio do interior a respecto da requisa de bandeiras e outros símbolos políticos nos estadios de fútbol? Que opinión lle merecen estes procedementos?

-Comparte o goberno galego as razóns aducidas pola Dirección Xeral da Policía para denegar a información, ao amparo do artigo 14 da lei de transparencia e acceso á información pública?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 10:19
Nº Rexistro: 8849
Data envio: 10/05/2017 10:19:27.564

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que as bandeiras galegas coa estrela vermella constitúen un risco para a seguridade cidadá?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 10/05/2017 10:17:36

Noa Presas Bergantiños na data 10/05/2017 10:17:44

Ana Pontón Mondelo na data 10/05/2017 10:17:48

Olalla Rodil Fernández na data 10/05/2017 10:17:52

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/05/2017 10:19
Nº Rexistro: 8849
Data envio: 10/05/2017 10:19:27.564

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/05/2017 10:17:56

María Montserrat Prado Cores na data 10/05/2017 10:17:58

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 5895(10/PNC-000579)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación polos concellos da normativa estatal do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa atención das reclamacións dos contribuíntes

Publicación da iniciativa, 79, 08.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5895
Data envio: 01/03/2017 18:37:25.393

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Tribunal Constitucional, nunha sentenza do 16 de febreiro, por unanimidade, estimou parcialmente a cuestión de inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 de Donostia en relación con varios artigos da Norma Foral 16/1989, do 5 de xullo, do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana do territorio histórico de Guipúzcoa.

A Norma cuestionada establece un imposto sobre a plusvalía dos terreos de natureza urbana que se devenga no momento da venta e que se calcula de forma obxectiva a partir do valor catastral e dos anos de tenencia do terreo (entre un mínimo de un e un máximo de vinte), con independencia do verdadeiro resultado económico da operación.

O Tribunal Constitucional considera contrario ao principio de capacidade económica previsto no artigo 31.1 da Constitución española tributar cando a venta do inmoble non ten proporcionado ganancias, algo que ten sucedido de forma frecuente nos últimos anos, como consecuencia da crise.

A resolución determina que *"en ningún caso poderá o lexislador establecer un tributo tomando en consideración actos ou feitos que non sexan expoñentes dunha riqueza real ou potencial"*. É dicir, o Constitucional considera inconstitucionais os impostos que afecten a *"aqueles supostos nos que a capacidade económica gravada polo tributo sexa, non xa potencial, senón inexistente, virtual ou ficticia"*. Polo que se está sometendo a tributación situacións de feito que non expresan a capacidade económica, ou que contradí frontalmente o principio de capacidade económica que a Constitución garante no artigo 31.1.

Indica tamén o Tribunal Constitucional, que corresponde ao lexislador, a partir da publicación da sentenza, facer as modificacións ou adaptacións pertinentes no réxime legal do imposto que permitan arbitrar o modo de non someter a tributación as situacións de inexistencia de incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5895
Data envio: 01/03/2017 18:37:25.393

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O fallo estima parcialmente unha cuestión de Inconstitucionalidade formulada polo Xulgado do Contencioso-Adminsitrativo de Donostia en relación con varios artigos dunha norma foral que regula a plusvalía no Territorio Histórico de Guipúzcoa, pero, cabe esperar que o Tribunal se pronuncie proximamente no mesmo sentido respecto da normativa estatal, cuxa redacción é idéntica, anulando e declarando a inconstitucionalidade en termos similares dos artigos 107.1, 107.2.a) y 110.4 da Lei reguladora das facendas Locais, aprobada por el Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao estar pendente de fallo a cuestión formulada por un xulgado de Madrid en auto do 15 de decembro de 2015.

Polo que se fai necesario revisar e analizar os procedementos iniciados ou pendentes de iniciar por aqueles contribuíntes que teñan transmitido inmobles urbanos xerando unha minusvalía nos últimos anos, e que teñan impugnado (ou vaian impugnar) a liquidación do IIVTNU correspondente.

Polo que o Grupo Parlamentario Socialista, presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que se dirixa ao Goberno central e lle solicite:

a) Un acordo cos concellos sobre as adaptacións necesarias da normativa estatal do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) co fin de evitar a aplicación automática naqueles casos en que non se teña producido o incremento do valor que constitúe o feito imponible do dito imposto.

b) Un acordo, no marco da revisión do financiamento local, sobre unha reforma global do imposto que permita que a forma de cálculo da cota tributaria reflicta de maneira fiel o incremento real do valor dos terreos, tendo en conta o ano no que se estableceu o valor catastral ou os indicadores que reflictan dun xeito adecuado a evolución real do valor dos terreos nos que se atopan os inmobles. Todo isto, asegurando, en calquera caso, que os cambios non se traduzan nunha mingua global de ingresos para os concellos.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que colabore cos concellos galegos para establecer os mecanismos que permitan atender as reclamacións dos contribuíntes da maneira máis eficaz posible, poñendo en marcha fórmulas que eviten a xudicialización dos procedementos, que provocarían unha saturación dos tribunais.

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 5895
Data envio: 01/03/2017 18:37:25.393

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/03/2017 18:32:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 01/03/2017 18:32:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 01/03/2017 18:33:08

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 18:33:20

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/03/2017 18:33:33

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 7384(10/PNC-000762)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos cursos de formación para persoas desempregadas e as subvencións concedidas aos concellos, empresas e entidades sen ánimo de lucro para ese fin

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 17:57
Nº Rexistro: 7384
Data envio: 30/03/2017 17:57:01.494

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Carmen Santos Queiruga** e do seu deputado **Luís Villares Naveira,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**, relativa ós cursos de formación para desempregados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desemprego é a principal preocupación para os galegos e galegas según o CIS. Os altos niveis de paro que rexistra a nosa comunidade reflexan que é necesario tomar medidas por parte das administracións públicas para diminuír de unha vez por todas esta lacra. A crise económica, unido a unha aposta por un modelo produtivo centrado máis na redución progresiva de custos laborais que na creación de valor, tivo e ten consecuencias nefastas para o noso mercado laboral. É necesario elaborar unha estratexia conxunta na que se potencien as empresas que xeran postos de traballo de calidade, ademais de dotar ás persoas desempregadas cos coñecementos necesarios para cubrir as demandas das empresas.

Para formar ás persoas desempregadas, o goberno da Xunta de Galicia anunciou a finais de marzo de 2017, a través do DOGA, que reservaba unha partida de 48 millóns de euros para cursos formativos, dos cales se poderían beneficiar un total de 11.250 persoas. Estes fondos repártense entre empresas, concellos e entidades sen ánimo de lucro. As accións formativas que se inclúen na programación,

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 17:57
Nº Rexistro: 7384
Data envio: 30/03/2017 17:57:01.494

diríxense con carácter preferente ás persoas desempregadas que sexan mulleres, parados de longa duración, menores de 30 anos con discapacidade ou traballadores con Baixa cualificación. Permítese ademais a presenza de un 25% de persoas traballadoras ocupadas sempre e cando as prazas non sexan cubertas. Entre os sectores que inclúe esta acción formativa están os relacionados coa industria 4.0, idiomas, ofimática, tecnoloxía da información e comunicación, coñecementos financeiros ou xurídicos. Dende En Marea consideramos que esta oferta educativa é escasa e creemos que é necesario potenciar máis os sectores tecnolóxicos, marketing/ventas e exportación.

Por outro lado, tamén queremos incidir en que as horas destinadas para prácticas en empresas son claramente insuficientes, en estes cursos, deben favorecerse máis os elementos prácticos que os teóricos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de en Marea formula a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:.

1. Aumentar os niveis controis sobre concellos, empresas e entidades sen ánimo de lucro que reciben subvencións por parte da Xunta de Galicia para facer cursos de formación a desempregados.
2. Mellorar a oferta educativa para responder ás demandas reais do mercado laboral.
3. Aumentar o número de horas para as prácticas en empresas.
4. Elaborar un informe detallado de cada curso onde se recolla o nivel de inserción conseguido con cada alumno grazas ó curso formativo realizado.

Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2017.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/03/2017 17:57
Nº Rexistro: 7384
Data envio: 30/03/2017 17:57:01.494

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 30/03/2017 17:56:42

Luis Villares Naveira na data 30/03/2017 17:56:50

Reunión da Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Día: 02.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 8182(10/PNC-000859)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego das medidas necesarias para o asinamento do contrato programa da CRTVG, coa inclusión nel da memoria e do plan plurianual de actuación

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8182
Data envio: 24/04/2017 11:31:22.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o desenvolvemento da Lei 9/2011 e a sinatura do Contrato Programa na CRTVG

Exposición de motivos

A posíbel desaparición do espazo O Agro inserido no programa A Revista que a TVG emite en horario de mañá de luns a venres, sitúa de novo riba da mesa a problemática estrutural que atinxe a CRTVG.

Segundo transcendeu publicamente a desaparición deste microespazo da grella, con contidos de actualidade e información relacionada co sector agrogandeiro galego, devén da perda de orzamento por parte da TVG ao desaparecer a subvención proporcionada pola Consellaría de Medio Rural coa que se financiaba, nun 75% O Agro.

A Lei 9/2011 --aprobada hai seis anos-- prevé no artigo 33 a sinatura dun Contrato Programa por un período de tres anos de duración. Esta ferramenta abrangue "o desenvolvemento e a concreción, para todas e cada unha das súas canles, dos obxectivos da función de servizo público encomendados á Corporación RTVG" incluíndo "de xeito expreso":

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8182
Data envio: 24/04/2017 11:31:22.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a) As achegas con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia destinadas a compensar a Corporación RTVG pola prestación do servizo público de radio e televisión.

b) Os medios para a adecuación e actualización do custo das actividades e dos obxectivos acordados ás variacións do ámbito económico, garantindo sempre o cumprimento do mandato marco e o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

c) Os obxectivos da política de eficiencia, rendibilidade, produtividade, persoal ou reestruturación técnica, así como os métodos indicadores da súa avaliación e a forma de render conta deles, que desenvolverá a Corporación RTVG no exercicio da misión de servizo público.

d) Os contidos de servizo público que deban emitirse pola Corporación RTVG, que deberán concretar as porcentaxes de xéneros de programación.

e) Os efectos que haberán de derivarse do incumprimento dos compromisos acordados.

f) O control da execución do contrato programa e dos resultados derivados da súa aplicación.

Así mesmo, a Lei prevé unha comparecencia anual das persoas responsábeis da Xunta para informar en sede parlamentar da execución e grao de cumprimento do Contrato Programa.

Porén, este nunca foi subscrito.

A CRTVG é un servizo público polo que a súa programación debe ser planificada estratexicamente concretando, asemade, os orzamentos que sosterán os seus contidos en base ao modelo mixto de financiamento que a lexislación prevé para a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8182
Data envio: 24/04/2017 11:31:22.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Corporación (fondos públicos a cargo dos Orzamentos da Xunta e privados obtidos da venda de espazo publicitario).

Neste senso, non debe depender a continuidade ou desaparición dos contidos que compoñen a grella da vontade puntual dunha consellaría ou da persoa que ocupe a súa responsabilidade nun momento concreto. Como tampouco o persoal adscrito á CRTVG debe ocupar unha función ou outra en virtude do momento senón das necesidades que exixa unha programación planificada e o servizo público que a radio e televisión pública de Galiza ofrece ao conxunto do pobo galego.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para a subscrición do Contrato Programa da CRTVG no prazo dun ano incluíndo no mesmo, como recolle a Lei 9/2011, a memoria e o plan plurianual de actuación regulados no artigo 54 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galiza."

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Montserrat Prado Cores

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2017 11:31
Nº Rexistro: 8182
Data envio: 24/04/2017 11:31:22.174

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 24/04/2017 11:30:35

Noa Presas Bergantiños na data 24/04/2017 11:30:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/04/2017 11:30:43

María Montserrat Prado Cores na data 24/04/2017 11:30:47

Xosé Luis Bará Torres na data 24/04/2017 11:30:51

Ana Pontón Mondelo na data 24/04/2017 11:30:53